

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 283/2020, do 23 de xuño, ditada no recurso de apelación núm. 4211/2019

Trátase en realidade de unha construción de tipoloxía residencial, dadas as súas divisións interiores, ocos recercados, instalacións (antena de televisión).

Tratándose de unha obra en construción, resulta lóxico que non se atope en funcionamento o uso residencial, pero en todo caso aprécianse elementos propios de unha vivenda no seu interior, que igualmente se observan no informe do perito da parte apelante -a disposición dos enchufes e interruptores en distintas estancias, pavimento cerámico, cheminea, división interior, caldeira para auga quente, aseo completo –ducha, lavabo e inodoro, así como envolvente de dobre fábrica de ladrillo, ventás con persianas..., elementos máis acordes con unha tipoloxía residencial que con un mero uso para gardar apeiros de labranza, ... e iso na marxe de que non se cumpran as condicións do código técnico da edificación, porque iso non exclúe o seu destino e finalidade residencial.

Cabe dicir o mesmo da caseta prefabricada, que conta con porta de dobre folla e amplas ventás, elementos que non son propios de unha caseta de obra, así como de instalación eléctrica e de auga, e a existencia de unha pérgola e cadeiras que mostran un uso vivideiro e de gozo da dita construción.